

6 set  
Adopción (1975)

16 set  
Diario para os meus fillos (1984)

20 set  
Diario para os meus amores (1987)

4 out  
Diario para os meus pais (1990)

«O político e o persoal entremestúranse de xeito extraordinario no singular traballo de Márta Mészáros»

Kat Sachs, MUBI

11 out  
A rapariga (1968)

18 out  
Non choredes, preciosas! (1970)

25 out  
Nove meses (1976)

1 nov  
Coma na casa (1978)



## Entrevista con Márta Mészáros: «Unha adiantada ao seu tempo»

Por Ryan Gilbey

Márta Mészáros, cineasta pioneira húngara de 90 anos, foi sempre unha adiantada ao seu tempo. Cando quixo estudar cinema no seu país a finais dos 40 díxéronlle: “Non precisamos a ninguén para a gardería”. Ela falaba ruso á perfección por ter vivido en Rusia na infancia e foivivir a Moscova onde o xénero volveu ser un problema. “Non había moitas mulleres cineastas daquela, cando unha muller quería dedicarse ao cinema tomábana a broma. Os homes ríanse de min”.

Pero foi Mészáros a que riu de última. Dedicou unha década a facer documentais sobre a vida da xente do común como profesores ou traballadores da fábrica, perfeccionando aos poucos o seu dinámico estilo visual. En 1968 converteuse na primeira muller en dirixir unha longametraxe en Hungría. A rapariga conta a historia dunha muller nova que tenta atopar os seus pais biolóxicos e é tan rica e vivaz como as mellores pezas da novas vagas checas ou francesas. Comeza coa cámara movéndose a través de varias mulleres a ensaiar tiro con arco. Na súa permanente curiosidade parece querernos dicir: Que é o que queren? Como o van conseguir? De que maneira a sociedade (case sempre homes que rondan sinistramente as mulleres nos seus filmes) vai tentar frustralas?

As súas longas, que atraeron a atención de actrices como Isabelle Hupper ou Anna Karina, conservan a inmediatez dos seus primeiros documentais. Un dos intres máis sorprendentes no seu traballo ten lugar no remate de Nove meses, a súa primeira película en cor, de 1977. Unha moza segura de si mesma acosada polo seu xefe para que saia con el, queda finalmente embarazada. “Cando lle ofrecín o papel á actriz Lili Monori ela dixo que xusto ía ter un neno”. O filme remata coa realidade atravesando o caparazón da ficción como un puño a través da pantalla.

Mészáros foi incrivelmente prolífica, realizando case un filme por ano ata os anos 90, sen un só fotograma sobrance na súa obra. Entre as súas parellas atópase o célebre director maxiari Miklós Jancsó con quen deu a luz a Nyika Jancsó, futuro director de fotografía de varias das súas pezas. En 1975, converteuse na primeira muller cineasta en gañar o Oso de Ouro na Berlinale por Adopción. O seu tema era controvertido. Unha muller a piques de entrar nos corenta quere ter un bebé co seu amante pero non quere que el deixe a súa esposa. Nesa situación traba amizade cunha muller que pasa uns días na súa casa. O uso que Mészáros fai do primeiro plano, a súa ferramenta visual preferida, é abraiante. Durante unha escena na que ambas mulleres falan na cama, ela sostén o plano nun rostro nun primeirísimo primeiro plano antes de facer un paneo cara ao outro, en lugar de diluír o impacto da escena cun corte ou un plano contraplano.

Ese premio marcou a fin dun longo traballo de loita por establecerse a ollos dos seus compañeiros de oficio homes. Sentíase soa nesa industria? “Semellaba que só estabamos Agnès Varda e máis eu. Acotío nos esmendrellabamos da risa xuntas por iso. Sobre posibles alianzas con cineastas do seu tempo a propia Márta di que non era algo que lle preocupase. “Facía os filmes que eu quería facer e punto”.

Fixo o que quixo agás nun caso no que tentou contar a historia da súa propia familia nos seus Diarios. Porén, non se lle permitiu dar nomes e falar de fronte sobre a morte de seu pai, un escultor asasinado nas purgas stalinistas. “Quería amosar nun drama político o que lle sucedera a meus pais no stalinismo, meu pai foi executado e miña nai morreu co corazón roto. Non deberan ter morto así e a censura non me deixou contalo de maneira directa”.